

AS VARIETADES DIALECTAIS E O ESTÁNDAR

Laura Tato Fontaíña
Profesora de Lingua Galega
Universidade da Coruña

As primeiras noticias que coñecemos sobre as variedades dialectais do galego remóntanse ao século XVIII. Os estudos sobre as linguas minorizadas foron un tema común nos ilustrados peninsulares, mais fronte á aparición de dicionarios e gramáticas de catalán, valenciano e basco en que se compendaban e contemplaban as variedades xeográficas das anteditas linguas, os estudos realizados sobre a lingua galega xiraron exclusivamente arredor do léxico. Antón Santamarina xustificaba esta diferenza coas seguintes palabras:

«O problema das variedades (antes do nacemento da dialectoloxía) só resultaba suficientemente interesante cando as diferenzas entre as falas era moi grande ou ben cando se trataba de formar un patrón literario no que distintas variedades se disputaban o predominio».¹

¹ Cf. Antón SANTAMARINA, «Dialectoloxía galega: historia e resultados», in AA. VV., *Tradicón, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, edición de Dieter Kremer e Ramón Lorenzo, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1982, pp. 153-187, p. 154.

O galego no século XVIII non respondía a ningunha destas dúas alternativas: nin presentaba diferencias locais tan profundas como para falaren de dialectos tal como os contempla a moderna dialectoloxía, nin contaba cunha literatura que estivese á procura dun estándar. Sen embargo, tanto nos traballos lexicográficos do Padre Sarmiento como nos do Padre Sobreira aparecen comentarios sobre determinados fenómenos fonéticos e morfolóxicos. O máis ilustrativo, por sintético, está resumido na carta que abre o *Ensayo para la historia general botánica de Galicia* do Padre Sobreira:

«[...] esta lengua, que se ve grecizar en Tuy y Santiago, suevizar en Santiago y Mondoñedo, cantabrizar en los mismos, latinizar en Mondoñedo y Lugo pero mucho más en Orense, cuya conjunción con Tuy, en el partido de Ribadavia, ocasiona en su comarca un otro idioma que, tomando de todos los otros y también del próximo portugués, *ouvea* ou *aùlla* en los diptongos a la portuguesa como los tudenses, *oyzea* como los de Pontevedra, pero *seseando* como los santiagueses, conviniendo con ellos en no tener la letra J, que, aunque la pronuncian algunas veces, es por remedar o imitar al castellano. De aquí les resulta el trocarlo todo haciendo *Gue* de *Je*, y *Je* de la *Gue*.»²

Haberá que agardar ata a segunda metade do século XIX para que outro estudioso, o ourensán Saco e Arce, se volva ocupar do tema. Este gramático, na súa *Gramática Gallega* publicada en 1868, sinalaba a existencia de dous dialectos: un setentrional e outro meridional. Este erro de Saco e Arce de dividir a xeografía lingüística galega en Norte e Sur, procede de interpretar como un dialecto a fala de Santiago de Compostela (Norte) e como outro a de Ourense (Sur). Así, haberá que agardar a 1909 para ter o primeiro estudo sobre dialectoloxía con bases científicas: García de Diego, que conta coa preparación filolóxica que lle faltaba a Saco e Arce, estable-

² Cf. «Carta a D. Casimiro Gómez de Ortega», in J. L. PENSADO, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII. Fr. M. Sarmiento: «Sobre el origen de la lengua gallega. Fr. J. Sobreira: «Idea de un diccionario de la lengua gallega» y «Ensayo para la historia general botánica de Galicia, Vigo, Galaxia, 1974, p. 223.*

ce as bases da dialectoloxía galega, mais afirmando que as diferencias entre as diversas zonas «non son tan profundas para poder constituír grupos dialectales»³. As últimas investigacións realizadas neste terreo levaron a Francisco Fernández Rei a coincidir plenamente co filólogo de comezos de século:

«O material recolleito para o citado *ALGa*, e en fase de elaboración no Instituto da Lingua Galega, faimos compartila opinión de García de Diego de que non se pode falar de dialectos propiamente ditos no galego».⁴

Sen entrarmos na complexa definición de dialecto, nun estudio sincrónico poderíamos entender que para falar de «dialecto» deben coincidir nunha mesma área xeográfica unha serie de fenómenos lingüísticos que conformen a súa fala peculiar, de tal maneira que nunha representación gráfica das isoglosas, estas se deseñen como feixes de liñas máis ou menos paralelas. Porén, as isoglosas dos fenómenos que caracterizan as diversas falas galegas debuxan unha tea de araña que cruza Galiza en todas as direccións, conformando variedades dialectais, non dialectos propiamente ditos. Dentro destas variedades distínguense tres grandes bloques: Occidental, Central e Oriental.

De todos os xeitos, nin sequera eses bloques son totalmente uniformes, xa que Francisco Fernández Rei, unha vez clasificados os materiais recollidos para o *Atlas Lingüístico de Galicia*, distingue once áreas subdivididas en vinte subáreas que, á súa vez, inclúen no seu ámbito xeográfico vinte e seis microsubáreas⁵.

Como exemplo paradigmático desta atomización poderíamos citar os oito sistemas diferentes aos que deu lugar a evolución histórica das terminacións latinas *-anum*, *-anam* / *-anos*, *-anas*:

³ Cf. V. GARCÍA DE DIEGO, *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*, Burgos, 1909, p. 155.

⁴ Cf. FERNÁNDEZ REI, Francisco, *Dialectoloxía da Lingua Galega*, Vigo, Xerais, 1990, p. 36.

⁵ Vid. *ibidem*.

- | | |
|---------------------------------|---|
| «A) irmao irmá
irmaos irmás | E) irmán irmán
irmáns irmáns |
| B) irmao irmá
irmaos irmás | F) irmán irmán
irmás irmás |
| C) irmao irmán
irmaos irmáns | G) irmá irmá
irmás irmás |
| D) irmao irmán
irmaos irmás | H) irmán irmá
irmáns irmás» ⁶ |

Esta multiplicidade de solucións, e por tanto de sistemas, non é grauíta, senón que é froito das especiais circunstancias históricas en que se desenvolveu a lingua galega. O antigo galego-portugués correu unha sorte ben diferente ao Norte e ao Sur do río Miño. Mentres no Sur a independencia política do Condado de Portugal garantía á lingua unha evolución rexida por un centro irradiador de normas (Lisboa) e a fixación dun estándar a través do seu uso como lingua oficial e literaria, no Norte, baixo a órbita política de Castela, o galego-portugués evolucionaría anárquica e asilvestradamente.

Privada dun centro irradiador de normas, dunha literatura e un uso administrativo que fixase o estándar, a lingua galega evolucionou e medrou non como unha árbore á que se lle van podando e guiando as pólas que a deforman e afean, senón como as silveiras das gabias. Este asilvestramento da lingua débese, por tanto, á imposición do castelán como lingua da administración e da cultura e non a unha eiva natural da lingua ou dos seus falantes.

A pesar da multiplicidade de solucións históricas que conviven na nosa lingua actualmente, é tamén un feito constatado polos investigadores do *ALGa* que os falantes galegos non teñen conciencia de falaren nun dialecto, senón que todos senten que falan unha mesma lingua. Un falante das Rías Baixas acredita en que a súa lingua é a mesma que a dun falante de Lugo, e viceversa; mais ningún dos dous se considera depositario do «galego correcto»: para os do Sur o «bo galego» está no Norte, e para os do Norte no Sur. Esta falta de seguridade, este especie de «mala conciencia»

⁶ Cf. *ibidem*, p. 60.

a respecto da lingua, é o resultado deses cinco séculos en que o poder político e económico relegou o galego aos usos domésticos e da vida cotiá, transformándoo nunha lingua de segunda categoría, nunha lingua excluída dos rexistros formais, da cultura, da ciencia, da administración... En resumo, nunha lingua B.

O galego careceu dun estándar porque o estándar dunha lingua, o seu rexistro culto, se vai fixando ao longo do tempo a través da escrita, que escolma, de entre todos os posibles resultados da evolución histórica, unhas determinadas solucións; e esta escolla paraliza o libre desenvolvemento das outras, impedindo que a lingua se diversifique en múltiples variedades locais.

Cando no primeiro Rexurdimento os Precusores enfrontaron o problema de escribiren en galego, acharon unha lingua que só contaba co rexistro oral, sen tradición escrita, posto que descoñecían por completo a literatura medieval. O longo proceso que se inicia neste momento cara á creación dun modelo de lingua literaria e, por tanto, dun estándar, foi xa estudiado por Ricardo Carballo Calero⁷. O profesor ferrolán estableceu as seguintes etapas na construción do galego escrito:

- A) Unha primeira fase en que os escritores, que carecían dunha tradición escrita e contaban como único modelo coa fala, reproduciron a lingua oral, a variante local do seu lugar de orixe. É a fase «dialectal».
- B) Un segundo momento en que, conscientes das diversas variedades existentes, combinaron solucións de diferentes zonas en busca dun modelo común. Este período, denominado «interdialectal», comezou xa coa segunda obra de Rosalía de Castro, *Follas Novas*, en que a xenial poeta ensaia coas diversas solucións morfolóxicas (o sufixo *-bre* e *-ble*; os plurais *mortales/mortais/mortás*; etc.).
- C) Este interdialectalismo ultrapasouse a comezos do século XX, no Segundo Rexurdimento, coas Irmandades da Fala, o Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos que procuraron xa, conscientemente, unha superación das diferencias para darlle unidade á lingua. É a denominada fase «supradialectal».

⁷ CARVALHO CALERO, Ricardo, *Problemas da Língua Galega*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1981.

Nesta terceira fase o labor realizado foi inxente. O coñecemento directo de textos medievais –os Cancioneiros da lírica galego-portuguesa, obras en prosa como a *Crónica Troiana*, e mais escolmas de documentos tabeliónicos–, axudou en grande medida á recuperación da lingua literaria. Os escritores do Segundo Rexurdimento queren recuperar a personalidade da lingua galega liberándoa de toda interferencia e procurando diferenciala ao máximo do español. Esta diferenciación procurábase por varias vías, e unha das máis empregadas será escolleren, entre as diversas solucións históricas que ofrecía a lingua, aquelas que a diferenciaban do castelán (*eiquí, il, ise...*), formas que o estándar actual relegou á categoría de dialectalismos mais que son tan xenuinamente galegas como as consideradas normativas hoxe (*aquí, el, ese...*). Outra vía consistirá na recuperación de formas ortográficas e de léxico medieval perdidos durante os Séculos Escuros (*nascer, dicer, viver...*).

Ao carón destas formas de diferencialismo xorden tamén outras que xa non contan coa mesma garantía filolóxica, e que dan lugar ao fenómeno denominado «Diferencialismo». Estes «diferencialismos» baséanse, fundamentalmente, en dous aspectos. Por unha banda reproducense na escrita unha serie de realizacións orais que en moitas ocasión son froito dunha pronuncia descoidada ou vulgar (*pro, estaceón...*); e pola outra, créanse falsas etimoloxías para os cultismos ou se aplica a analoxía dun xeito aberrante dando lugar aos denominados «pseudogaleguismos» («hourizonte» por horizonte, «outo» por alto...).

Unha lingua en precario, como a galega, que non puido incorporar todo o léxico das artes e das ciencias que durante os séculos XVI e XVII incorporaran as outras linguas románicas, necesitaba recuperar ese caudal lexicográfico. Para esa recuperación os escritores do Segundo Rexurdimento tiñan dúas opcións, ou ben recorreren ás solucións do español, ou ben procurárenlas no portugués. Loxicamente, tendo en conta que da presión da primeira lingua procedían as interferencias e o estado de contaminación en que sobrevivía o galego, e que a segunda era o resultado da evolución histórica do galego-portugués, buscaron nesta última ese caudal culto que necesitaban.

Por suposto, todo este labor a prol da estandarización da lingua producíase unicamente no ámbito da literatura xa que o galego carecía de cobertura legal e non estaba presente no sistema de ensino. De todos os

xeitos, o Seminario de Estudos Galegos elaborou as primeiras normas ortográficas (1932), e gracias ás campañas do Partido Galeguista, no Estatuto de Autonomía de 1936 aprobábase a cooficialidade da lingua galega.

A estas alturas da historia estaba practicamente consolidado o estándar fonético do galego culto. A tradición literaria iniciada no primeiro Rexurdimento marcara unhas pautas que case non sufriron modificacións desde entón ata hoxe. Este sistema fonolóxico é o do Bloque Oriental, ficando definitivamente excluídos del os dous fenómenos caracterizadores por excelencia do grupo de falas occidentais: a *gheada* e o *seseo*.

O rexeitamento da *gheada* é unha cuestión que se remonta aos Precursores. Vimos xa como o Padre Sobreira atribuíu este fenómeno a un intento por parte dos falantes galegos de imitaren a fonética castelá. En 1882, nos seus *Elementos de Gramática Gallega*, Marcial Valladares cualificaba a *gheada* como un fenómeno propio de xente iletrada, refugando de vez o seu uso. Durante moito tempo foi considerada como froito da interferencia do español e, a pesar de que as últimas investigacións demostran que é un fenómeno de evolución fonética xenuinamente galego, paralelo ao denominado *gorgia* que se produce na rexión italiana da Toscana⁸, non parece probábel que chegue a ser admitida nunca no estándar.

Polo número de fonemas aos que afecta e polas diversas variedades que presenta, o fenómeno máis complexo e importante de toda a dialectoloxía galega é o *seseo*. A sorte que correu estoutro trazo fonético caracterizador das falas occidentais, tivo un resultado final semellante ao da *gheada*, mais cunha historia moi diferente: os escritores nunca o rexeitaron coa teimosía que mantiveron perante a *gheada*, de feito, tivo certa presenza na literatura e o *seseo* implosivo podemos atopalo mesmo en obras de autores dos anos 70.

En definitiva, foron eliminados ambos os dous do galego culto. Mais a súa distinta valoración e aceptación na literatura pode axudar a tirar certas conclusións sobre os criterios con que se fixa o estándar dunha lingua. A identificación do emprego da *gheada* coa incultura e a rudeza foi determinante para a súa exclusión, mais esa identificación está baseada en

⁸ Para un resumo do estado da cuestión deste controvertido fenómeno fonético vid. FERNÁNDEZ REI, *Obra cit.*, pp. 181-189.

preconceptos sociais e na valoración dun fenómeno fonético galego desde a perspectiva da fonética española. A ninguén se lle ocorrería cualificar de «rústica» a aspiración que representa o *h* inglés en palabras como *house*; porén, a mesma aspirada en galego e, sobre todo, a súa aplicación ao español falado en Galiza como consecuencia da diglosia, pasou a ser algo vergoñoso, un «vicio» que cumpría eliminar. Todo isto levou a Antón Santamarina a cualificar de «antigalego» o estándar fonético:

«É pertinente decir aquí que algúns fenómenos que se veñen utilizando na caracterización dos dialectos galegos, aínda sendo desde o punto de vista lingüístico os resultados máis galegos, non foron aceptados polos estudiosos e escritores máis que esporadicamente. Refírome ó *seseo* e á *gheada*, que rara vez encontraron quen os defendera nin teórica nin practicamente. Este prexuício antigalego, no fondo (aínda que pareza paradóxico), é o mesmo que leva a...»⁹

Mais a sublevación de 1936 e a posterior longa noite da dictadura franquista interrompeu o proceso de normalización, paralizou a publicación de libros e a campaña de desprestixio social da lingua alcanzou cotas inimaxinábeis que, unidas á difusión dos medios de comunicación de masas (radio e televisión), provocaron un aceleramento vertixinoso da desgaleguización. A pesar diso, a partir da década dos 50, o labor unificador da editorial Galaxia foi consolidando un estándar literario máis ou menos aceptado por todos os escritores. A literatura seguía a ser o único campo en que se desenvolvía o traballo de fixación dun rexistro culto do galego.

En 1965 comeza a funcionar a cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela, ao tempo que desde a cátedra de Lingüística Románica se potencian os traballos de campo de acordo coa metodoloxía da Xeografía Lingüística. Prodúcese así unha multiplicación dos traballos de dialectoloxía ao tempo que se prepara filoloxicamente ás novas xeracións de gramáticos. Este maior coñecemento do galego oral vai creando unha corrente de opinión a respecto da lingua que propugna un achegamento do estándar á fala

⁹ Cf. Antón SANTAMARINA, *Obra cit.*, p. 160.

popular. Prescindindo de que esa fala popular está contaminada e deformada pola presión do español e esquecendo que o que procuraran os homes do Segundo Rexurdimento era a consolidación dun rexistro culto, esa corrente reacciona contra o suposto «culturalismo» do desaparecido Seminario de Estudos Galegos, ao que acusa de se afastar demasiado da realidade oral. A estas alturas, no ano 1974, Ricardo Carballo Calero afirmaba a respecto do rexistro culto da lingua:

«El gallego escrito de hoy, superada, aunque imperfectamente, la fase dialectal, y la interdialectal, ha alcanzado la fase supradialectal. Ello no ha sido posible por la aceptación pura y simple como lengua literaria de una de las variantes del gallego. Pero ha habido un compromiso entre las distintas zonas, y, aunque, incluso en la ortografía non dejan de subsistir originalidades extravagantes, en líneas generales se ha aceptado la morfología del gallego iriense y la fonología del gallego lucense. Es la consumación de la línea que, zigzagueante y a menudo borrosa, han formado las huellas de Rosalía, Pondal, Cabanillas y Castelao, para citar sólo figuras eminentes de nuestras letras.»¹⁰

Á tendencia populista das novas xeracións de filólogos engadiuse o feito de que o uso do galego se transformou nun símbolo da oposición política ao longo dos últimos anos da dictadura. Este uso político, urxente, levou a que moitos utilizasen a lingua sen tomarse a máis mínima molestia en coñecela, estudiala e, sobre todo, sen procuraren unha mínima corrección: os castelanismos morfolóxicos e sintácticos asolagan o galego. Ademais, como bandeira das liberdades, a lingua caeu nunha outra fase de «diferencialismo» en que se viu privada de todo aquel léxico que, debido á orixe común latina, era patrimonio tanto do español como do galego. A eliminación de todo este vocabulario común xerou discursos que raiaban no grotesco: frases como *Na cachola da manifestación...* eran de uso continuo.

¹⁰ Cf. Ricardo CARBALLO CALERO, «La construcción del gallego como lengua escrita», *Verba, anuario gallego de filología*, Universidade de Santiago, vol. 1, 1974, pp. 31-40, p. 39. Recollido posteriormente in Ricardo CARVALHO CALERO, *Obra cit.*

Aos dous anos da cita anterior, en 1976, de novo Ricardo Carballo Calero advertía sobre os perigos do que designaba co nome de «galego desenfreado»:

«Houvo umha forma histórica de ultrajar a língua, que consistia em nom escrevê-la. O futuro registará outra, consistente em escrevê-la sem possuí-la.

«Esse galego de mogollom, esse galego desenfreado atraiçoa o desprezo polo mesmo que se pretende empoleirar. As cousas sérias ham de ser tratadas seriamente.

«Umha nova situaçom se lhe apresenta ao galego. Umha nova possibilidade. Um novo perigo. Se o galego desenfreado continuasse a agalhopar polos campos da nossa cultura, muitas colheitas cuidadosamente agardadas ficariam perdidas, esmagadas pola cavalgada sem jeito.»¹¹

Á morte do dictador, na chamada Transición, e perante a perspectiva da Autonomía e da posíbel incorporación da lingua galega ao sistema de ensino e da súa cooficialidade, transfórmase en urxente a necesidade de estableceren unhas normas ortográficas e morfolóxicas. Nas xuntanzas promovidas con este fin perfílanse dúas tendencias: *A*) a de aqueles que, baseándose na orixe e na tradición medieval, propugnaban un achegamento á lingua portuguesa por razóns de parentesco lingüístico e de indefensión do galego perante o español; *B*) a dos que, baseándose na tradición oral moderna, propugnaban o isolacionismo da lingua galega fronte ao español e ao portugués. Ambas as dúas contaban con razóns filolóxicas con que xustificaren os seus postulados.

A tendencia *A* tiña o seu maior inimigo na conciencia popular que, debido ao secular enfrontamento que mantiveron Castela e Portugal, non é quen de se identificar co país irmán. A opción *B* agachaba nos seus postulados unha realidade perigosa: a febleza da lingua galega non permitía ese suposto illamento e, na realidade, rematou por se transformar nun achegamento ao español. No ano 1980, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) propuxo unha terceira opción *C* que procuraba o equilibrio

¹¹ Cf. *ibidem*, pp. 70-71.

entre *A* e *B*, coñecida como a «normativa de mínimos», máis a súa proposta foi desoída e, en 1982, foi imposta por lei a opción *B*.

Por vez primeira desde a perda da normalización, a lingua galega tiña un marco legal no que se desenvolver e entraba nesta nova etapa coas súas forzas divididas. A diversas ideoloxías que apoiaban as diferentes normas ensarilláronse nunha loita sen aparente saída. Os dous extremos de cada opción chegaron a posturas de tal intransixencia que, para un observador alleo, a situación é absurda: uns empregan unha ortografía totalmente reintegrada pretendendo ignorar os planos de reorganización, unificación e reforma que se están levando a cabo no propio portugués e que, ademais, non consegue alcanzar a máis mínimo eco social; e os outros, atrincheirados no poder, condenaron a escrita da lingua galega a ser unha mestura de realizacións orais (*come-lo caldo trala lareira*), con latinismos puros (*respecto*).

Porén, o máis grave desta situación quizais sexa que as liortas pola ortografía desprazasen a un plano secundario outros aspectos fundamentais no camiño da normalización da lingua. Quizais fose conveniente para todos atendermos as reflexións que sobre o estándar actual realizou unha voz foránea. O profesor Johannes Kabatek, en 1991, comentaba o seguinte:

«Hoxe en día vivimos unha nova etapa na historia da lingua galega. [...] Escribíronse métodos para o ensino, dicionarios, vocabularios técnicos; mandáronse asesores lingüísticos ó Parlamento, á Radio e á Televisión para que, en todas partes, se falase «bo galego». «Aínda así, para moitos galegos este galego modélico «soa raro», non lles parece se-la súa lingua, «párecese moito ó castelán»».¹²

Na análise das causas que provocan esa identificación do galego estándar utilizado polos medios de comunicación, os políticos e as máis relevantes figuras da vida pública, co castelán, Kabatek establece catro apartados:

¹² Cf. Johannes KABATEK, «Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar», *Cadernos de Lingua*, nº 4, A Coruña, Real Academia Galega, 2º semestre 1991, pp. 39-48, p. 40.

- a) no fonético anota a perda do trazo fonolóxico de apertura vocálica e a tendencia a evitar a entoación galega;
- b) a incorrecta colocación do pronome que, en xeral, segue as normas do español;
- c) o uso de formas compostas co verbo «haber», inexistentes en galego;
- d) a abundancia do léxico español substituíndo ao xenuinamente galego.

Desta análise a dedución é extremadamente simple, xa que os seis fenómenos apuntados coinciden na súa orixe:

«O perigo dáse polo contacto co castelán. Nembargantes pódense distinguir distintas vías polas que penetra a influencia do castelán».¹³

Despois dunha análise destas vías de penetración, e como conclusión do seu estudo, Johannes Kabatek fai a súa proposta para alcanzar a fixación dun estándar que non resulte «raro», nin «igual ao castelán» para os falantes galegos:

«Na situación actual, o galego está no camiño cara á normalización. Dúas das bases para tal finalidade estanse acabando agora: a primeira foi a creación dun *sistema lingüístico común* (base *intensiva* da lingua). A segunda é a *extensión* deste sistema a tódolos niveis (base *extensiva* da lingua).

«A terceira, tal vez máis importante cara ó futuro do galego, é a *creación de realizacións concretas* dentro do *sistema do galego estándar*, de *normas históricas propias*.»¹⁴

Para Kabatek esas «normas históricas propias» deben procurarse nas variedades do galego. Evidentemente, esas variedades deberían contemplar non unicamente as sociais, senón tamén as dialectais e, por suposto, as diacrónicas.

¹³ Cf. *ibidem*, p. 43.

¹⁴ Cf. *ibidem*, p. 47.

O proceso de fixación do estándar aínda non está pechado; así como no plano fonético semella que non existe posibilidade de cambio, nos morfolóxico e léxico aínda se podería frear o empobrecemento da lingua. Quizais agora que o Instituto da Lingua Galega se vai transformar nun Instituto Interuniversitario, abrindo as portas a persoas interesadas en chegar á concordia, podamos dar por rematada esta liorta que ten como vítima máis prexudicada á lingua galega.